

EXAME TIPO TEST: PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE OPERARIOS/AS DE SERVICIOS MÚLTIPLES (EXPDTE 2023/E001/000001)

IDENTIFICACIÓN ASPIRANTE (SOAMENTE INDICAR DNI):

1.- QUEN INTEGRA O PLENO?

- a) O Alcalde e os Tenentes de Alcalde
- b) O Alcalde e os membros da Xunta de Goberno

c) Todos os/as concelleiros/as

2.- QUE SON OS EPIS?

- a) Equipos de protección persoal**
- b) Equipos de protección colectivo
- c) Equipos de produción persoal

3.- QUE FERRAMENTA EMPREGARÍAS PARA A PODA DE RAMAS DE DIÁMETRO SUPERIOR DE 30 MM OU DE DIFÍCIL ACCESO?

- a) Unha motoserra
- b) Un serrucho de poda**
- c) Tixeiras grandes de podar

4.- EN RELACIÓN COS DISPOSITIVOS DE SEGURIDADE EXISTENTES NA EMPRESA O TRABALLADOR ESTÁ OBRIGADO:

- a) Respetalos e utilízalos sempre fóra do funcionamento.
- b) Empregalos correctamente e non poñelos fóra de funcionamento**
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

5.- CAL É A ÉPOCA IDÓNEA PARA SEMBRAR CÉSPED?

- a) Verán
- b) Primavera**
- c) Inverno

6.- A LABOR DE DESBROZAR CONSISTE EN:

- a) Regar plantas rastreiras, zarzas, etc
- b) Eliminar plantas rastreiras, zarzas, etc**
- c) Queimar plantas rastreiras, zarzas, etc

7.- CAL DOS SEGUINTES ELEMENTOS NON PERTENCE Á PROTECCIÓN COLECTIVA?

- a) Barreiras de protección acústica.
- b) Gafas de protección**
- c) Sinalizacións

8.- O INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS COMO TRABALLADOR EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS SERÁ MOTIVO PARA:

- a) O despido inmediato da empresa.
- b) Apertura dun expediente disciplinario**
- c) Ningunha das respostas anteriores resulta correcta

9.- QUÉN ELIXE AO ALCALDE?

- a) O pobo
- b) Os veciños
- c) Os concelleiros ou os veciños**

10.- PARA USAR UNHA DESBROZADORA CAL DE ESTES EPIS SON IMPRESCINDIBLES?

a) **Guantes de coiro, calzado de seguridade e pantalla de protección facial.**

b) Calzado de seguridade, gafas de protección e mascarilla.

c) Todas as respostas anteriores son correctas.

11.- CAL É A PORCENTAXE MEDIA DE AUGA QUE REQUIRE O CÉSPEDE NUN XARDÍN?

a) O 10%

b) O 50%

c) O 75%

12.-QUE SISTEMA DE REGO AFORRA MÁIS AUGA?

a) Por aspersion

b) Por surcos

c) Por goteiros soterrados.

13.- PARA MANTER EN PERFECTO ESTADO A BASOIRA:

a) Lavarásese unha vez por semana con auga quente e augarrás, aclarando con abundante auga. Deixarásese secar mentendo as fibras cara abaixo.

b) Lavarásese unha vez por semana con auga quente e deterxente neutro, aclarando con abundante auga. Deixarásese secar mantendo as fibras cara arriba.

c) Lavarásese unha vez ao mes con auga quente e deterxente neutro, aclarando con abundante auga. Deixarásese secar mentendo as fibras cara arriba.

14.- OS RESIDUOS QUE SE RECICLAN SON:

a) Papel e cartón

b) Infecciosos

c) As dúas respostas anteriores son correctas.

15.- O DETERXENTE ÁCIDO:

- a) Soamente serve para eliminar o óxido, sarro, cal, etc...
- b) Empregaráse despois de limpiar.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.**

16.- CÓMO SE REALIZA A PRIMEIRA LIMPEZA DESPOIS DE TER DESINFECTADO O CENTRO DE TRABALLO?

- a) Con lexía ou outro desinfectante compatible.
- b) Cos produtos habituais, non é necesario desinfectar.
- c) Con auga a temperatura ambiente, para evitar intoxicacións.**

17.- PARA QUE SE RECICLA A MATERIA ORGÁNICA?

- a) Para abono**
- b) Para papel
- c) Para vidro

18.- QUÉ É O TERMO MUNICIPAL?

- a) O territorio urbano de un municipio.
- b) O territorio onde o Concello exerce as súas competencias.**
- c) O territorio urbanizable de un municipio.

19.- UNHA SELLADORA É UN PRODUTO CUXO FIN É:

- a) Fixar o tono ou cor da película.
- b) Obstruír os poros dunha superficie.**
- c) Grapar unha superficie con outra.

20.- A QUÉ TIPO DE RISCO CORRESPONDE CANDO A MEDIDA DE PREVENCIÓN É: ¿O TRABALLADOR EVITARÁ O CONTACTO FÍSICO CO VEHÍCULO BARREDORA?

a) Atrapamento

b) Golpeos

c) Atropelos

PREGUNTAS DE RESERVA:

1.- CONSIDÉRASE RISCO GRAVE E INMINENTE CANDO A EXPOSICIÓN A AXENTES SUCEPTIBLES DE CAUSAR DANOS GRAVES Á SAÚDE:

a) Sexa certo racionalmente que se materialice nun futuro inmediato da que poidan derivarse danos graves para a saúde, sempre que éstos se manifesten de forma inmediata.

b) Sexa probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato da que poidan derivarse danos graves para a saúde, sempre que éstos se manifesten de forma inmediata.

c) Sexa probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato da que poidan derivarse danos graves para a saúde, aínda que éstos non se manifesten de forma inmediata.

2.- QUÉ TIPO DE ÓRGANO É O PLENO DUN CONCELLO?

a) Complementario.

b) Necesario

c) Especial

3.- INDICA A AFIRMACIÓN CORRECTA: OS PRODUTOS FITOSANITARIOS...

a) Deben gardarse no embalaxe orixinal.

b) Deben mezclarse en lugares pechados

c) Non poden almacenarse en lugares con chave

4.- SON FERRAMENTAS PARA O ROSCADO DE TUBOS E ACCESORIOS:

a) Alicate universal

b) Alicate pico de cigüeña

c) Ningunha é correcta

5.- O MANDATO DAS CORPORACIÓNS LOCAIS SERÁ DE:

a) catro anos

b) tres anos

c) oito anos